



RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DE BOLSAS COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ESTUDANTADO DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO QUE TEN ADXUDICADAS PRAZAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL NO CURSO 2023-24

A Universidade de Vigo publicou as seguintes convocatorias de prazas de mobilidade internacional para o curso 2023-24 e as bases que as regulan:

- Convocatoria Erasmus+ Estudos e bolsas complementarias, resolución reitoral do 16 de novembro de 2022
- Convocatoria ISEP, resolución reitoral do 17 de xaneiro de 2023
- Convocatoria GE4, resolución reitoral do 23 de xaneiro de 2023
- Convocatoria de prazas e bolsas propias e Erasmus+ en países extracomunitarios, resolución reitoral do 14 de maio de 2023 e no marco do programa Erasmus+ Estudos para o curso 2023-2024

De acordo con estas resolucións, que prevén que a concesión das bolsas complementarias da Deputación de Pontevedra se resolverá tras a sinatura do convenio con esta entidade para este fin e tras a adxudicación das prazas, e logo de publicar as resolucións reitorais coas listaxes de estudantado con praza adxudicada, en lista de agarda e excluído, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: Conceder 100 bolsas complementarias da Deputación de Pontevedra que se relacionan no anexo I ao estudantado seleccionado dos campus de Vigo e Pontevedra. Esta concesión realízase no marco das convocatorias de prazas de mobilidade internacional para o curso 2023-24, e seguindo a orde de **nota media ponderada a 30 de setembro de 2023** entre o alumnado que cumpre os seguintes requisitos:

- a. Estar matriculado/a no curso 2023-24 en titulacións dos campus de Pontevedra e Vigo en centros propios e nas titulación de centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo).
- b. Ter adxudicada unha praza de intercambio internacional para o curso 2023-24.
- c. Ser beneficiario/a da bolsa xeral de estudos do Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP) no curso 2022-23.
- d. Non ter concedida unha bolsa complementaria da Deputación de Pontevedra para realizar unha mobilidade internacional da Universidade de Vigo en convocatorias anteriores.

Segundo: Establecer unha listaxe de agarda no anexo II, no caso de renuncias.

Terceiro: Abrir un **prazo de reclamacións ás listaxes provisórias de 10 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#). As reclamacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR

Por delegación, R.R. do 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

